



UN MUNDO POR DESCUBRIR

Abre este libro para descubrir unha impresionante colección que inclúe os descubrimentos máis importantes da historia. Unha viaxe polo pasado e o presente, onde descubrimos increíbles avances na ciencia e na tecnoloxía que cambiaron as nosas vidas para sempre.



MAMÁ, QUIERO SER FEMINISTA

A súa protagonista e autora, Carmen G. de la Cueva, fundadora e directora da comunidade *La tribu de Frida*, conta como tomou conciencia da importancia do feminismo e converteuse nunha activa dinamizadora cultural para promovelos.



MEJOR SIN PLÁSTICO

Vivimos rodeados de plástico, alleos á súa toxicidade. Utilizámolo constantemente no noso día a día: para almacenar alimentos, embotellar auga, transportar as nosas compras, etc., sen ter en conta o devastador impacto que ten na natureza e na nosa saúde. Que podemos facer para solucionalo?




XUÍZO AOS HUMANOS

Os animais do planeta Terra reúnen na selva para celebrar un xuízo extraordinario. Acusan o ser humano de crimes atroces: calumnias, maos tratos e xenocidio. É realmente o Homo sapiens unha ameaza para a vida terrestre, unha especie arrogante, cruel e asesina? Ou pode aínda redimirse perante o resto dos animais? Chegou a hora de se enfrontar á Lei da selva.



FUN HOME

Nesta novela gráfica, o pai de Alison, a protagonista, é profesor de inglés e ten como hobby coleccionar antigüidades e a restauración, así que aplica o seu hobby a restaurar a súa casa victoriana, que é á vez unha funeraria. É un pai distante que nunca fixo pública a súa inclinación sexual, claramente homosexual. A través desta narrativa visual, que é á vez cómica e desoladora, achegámonos aos complexos de Alison, que loita en soitude por atopar o seu lugar.



Reseñas dos libros facilitadas polas editoriais

Ilustración de portada: Óscar Villán para BEs Galicia (2019)



**NOVIDADES
E
RECOMENDACIÓNS**

Nadal 2019

O SEGREDO DA VELLA LIBRERÍA

Xabier López López

Unha librería aparentemente esquecida. Un cativo desesperado pola fame. Unha época escura na que homes sen escrúpulos abusan do seu poder. E a maxia. Dos libros. Das lecturas. Dos que aman as historias que viven dentro das letras.



XELÍS, O GUIEIRO DAS BOTELLAS DO MAR

Rosá Aneiros

Cando Xelís descubriu aquela botella de mar decatouse de que algo extraordinario estaba a piques de acontecer. Unha gran mancha de plásticos, que navegaba errática polos océanos, deu en ameazar a illa de Otlic e puxo en perigo os seus habitantes.



DÉIXAO MEDRAR

Silvestre Gómez Xurxo

Paio ten catorce anos e é moi bo xogando ó fútbol. As persoas que están a carón do rapaz manteñen discursos diferentes. O conflito xorde cando un equipo dos grandes se interesa seriamente pola súa fichaxe.



CONEXIÓN MACARRÓN

Ledicia Costas

A Espe e a Rino non lles gustan os paraugas, por iso agardaban debaixo dun tobogán a que parase de chover cando un señor fúnebre lles preguntou se querían que os acompañase á casa. Díxolles que era Expósito e que vivía no seu mesmo edificio, no noveno andar. Todo nel lles pareceu sospeitoso. Estaba claro que non era un «Expósito», era un extraterrestre!



CONTA NOVE ESTRELAS

Andrea Maceiras

Uns pequenos animais ameazan a Galaxia Oma. Desde o Observatorio Interestelar, os Vixilantes ordenan o exterminio de toda a especie, xa que os bobós, son seres salvaxes e perigosos. Tan só Quepi, unha estraña nena que vive co seu irmán e o seu avó no planeta Dot, ousa desobedecer o mandato protexendo un bobó tan especial coma ela.



DO OUTRO LADO DO ESPELLO

Jordi Sierra i Fabra

Aos seus dezaseis anos, Marisa aínda non sabe o que é o amor. Píde respostas a esa descoñecida que é a súa imaxe no espello. Mirándose sente unha dor invisible que arrinca dende o máis profundo do seu ser. Amalia, a súa mellor amiga; Luís Enrique, o rapaz que lle abre as portas ao mundo do teatro; Chari, a súa irmá e os seus pais son o espello onde as súas dúbidas van resolverse da forma máis inesperada.



O FARO DE AREALONGA


Úxia Casal

Unha engaiolante novela de intriga e suspense, na liña das mellores obras da actual ficción científica contemporánea.

COSTA DO SOLPOR. O REGRESO DA ILLA DO TESOURO

Xosé M^a Lema

Un tradutor recibe un manuscrito no que un descoñecido escritor en lingua inglesa narra o regreso ó porto de Bristol da goleta Hispaniola, cargada cun fabuloso tesouro. Tal viaxe de volta non fora tan breve como a describira Robert L. Stevenson no derradeiro capítulo d'A Illa do Tesouro, pois unha violenta tormenta obrigou o navío a buscar refuxio nunha baía da galega Costa do Solpor.



LA COMETA DE NOAH

Rafael Salmerón

Noah é o fillo pequeno do reloxeiro Leopold e a súa muller Doura. Vive cos seus irmáns Joel e Hannah en Cracovia. Non é un neno normal, vive no seu mundo, non fala nin parece escoitar. Para algúns é idiota, para outros, simplemente distinto. É o ano 1939, e os alemáns acaban de invadir Polonia. Moitos cren que o odio aos xudeus dos nazis é certo e temen polas súas vidas, pero outros como o irmán pequeno de Doura, Abbie, están convencidos de que cos alemáns estarán mellor. Pero en poucos días fanse evidentes os plans dos nazis...



INFAMIA

Ledicia Costas


Emma Cruz é avogada e profesora de Dereito Penal. Trasládase a Merlo para impartir clases na Universidade, sen saber que ese lugar está marcado pola desgraza. dúas nenas ás que semella que tragou a terra. Emma axiña descubrirá que os habitantes de Merlo gardan segredos inconfesables, algúns deles imposibles de dixerir. Que foi das irmás Giraud? Están mortas? Se é así, quen as asasinou? Onde están agochados os seus corpos? Infamia é un thriller psicolóxico onde nada é o que parece.



SAKURA

Matilde Asensi

Unha novela que nos traslada de París a Xapón da man do pintor Vincent Van Gogh. Unha aventura na que a procura do retrato do doutor Gachet marcará un antes e un despois na vida dos seus protagonistas



INVISIBLES. Relatos do maltrato

Montse Fajardo

Invisibles, relatos do maltrato, un libro, promovido polo Concello de Pontevedra, que recolle sete historias reais de mulleres que padeceron a lacra da violencia machista, contadas por elas mesmas ou pola súa xente, no caso das que foron asasinadas.



BELEZA VERMELLA

Arantza Portabales Santomé

En Santiago cométese un espantoso crime que, en realidade, semella unha obra de arte. Unha instalación de vangarda. A asasinada é a sobriña da máis importante artista galega, e a maneira en que aparece o cadáver semella un dos seus traballos de vangarda. Todo o cuarto cuberto uniformemente co sangue da vítima. Será que matar pode ser unha forma de arte? Seis persoas, todas achegadas á vítima, son sospeitosas, porque todas poderían ter motivos para cometer o crime.

